

Modificacións da P. D. da materia de MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de MÚSICA CONTEMPORÁNEA para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Elimínase o seguinte criterio de avaliación:

- Valorarase o achegamento do alumno á teoría musical Karnática.

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os seguintes:

- Facer unha exposición oral sobre algún dos temas tratados na clase, ben sexa un monográfico sobre un autor ou sobre estéticas musicais de vangarda (a escoller polo alumno/a co visto bo do profesor).

- Interpretar con certa corrección técnica e estilística, amais dun equilibrio sonoro axeitado, algunha pasaxe do repertorio escollido polo profesor/a para o curso sendo significativo para a práctica de música contemporánea co instrumento

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as

utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, CentrosNet, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só sería aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua. Ao non existir alumnado nesta circunstancia non e preciso a modificación dos procedementos de avaliación.